




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa Sur. Sector: Cabo Silleiro-A Guarda. Municipio: Baiona, no extremo norte e sueste, e Oia. Parroquias: Santa María de Baredo en Baiona, e Santa Uxía de Mougás en Oia. Extensión: 3,02km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Liña de costa de trazado xeral N-S con fachada acantilada baixa alternando con praias de bloques e cantos. Cara ao interior desenvólvese unha estreita chaira costeira que rapidamente contacta coa parte inferior da vertente onde se acumulan os depósitos de ladeira resultado do desmantelamento do macizo granítico traseiro. A cabeceira da unidade está formada por unha alifación montañosa de natureza granítica intensamente fracturada cuxas elevacións máis significativas son os montes de Outeiro do Home e Alto do Facho. Este sector caracterízase polas fortes pendentes e unha intensa dinámica erosiva que deu lugar a unha paisaxe ondulada con abundancia de afloramentos graníticos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Domina unha litoloxía granitoide de afinidade alcalina, na que o grupo maioritario corresponde aos granitos de feldespato alcalino. Sobre eles apréciase unha banda de depósitos cuaternarios identificada como un nivel de terraza mariña, que está presente en toda a unidade, de norte a sur. Cara ao sur, é posible recoñecer tamén, áreas de depósitos coluviais e, nos granitos lixeiramente fragmentados, diques acedos de escasa potencia.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Rango de precipitacións medias acumuladas durante o ano entre 1400mm e 1600mm, aínda que ao sur da unidade, no alto dos Pousos, se poden acadar os 1800mm. Temperatura media anual por riba de 14°C (>15°C na franxa costeira) e oscilación térmica con valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático xeral Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

Vertente cun perfil composto que ten o seu reflexo nas características edáficas. Chaira costeira con escasa pendente na que se desenvolven os solos máis profundos e evolucionados, do tipo cambisol dístrico, que reciben en maior ou menor medida aportes de ladeira. Soportan as actividades agropecuarias pero tamén a presión urbanística o que motivou un aumento progresivo dos antroposols. A vertente traseira ata a súa cabeceira ten tramos de forte pendente moi afectados pola dinámica erosiva o que se traduce en solos esqueléticos con abundancia de afloramentos rochosos, dominando os regosols e os leptosols líticos.

AS AUGAS

Os cantís mariños nos que remata esta unidade restrinxen os cursos fluviais a pequenos arrosos temporais que sucun o terreo formando suaves valgas. Podería destacarse tan só o leito próximo ao lugar da Ermida, que forma un val máis pronunciado e desemboca formando un entrante costeiro a xeito de enseada. As Augas Costeiras da unidade son as catalogadas baixo o código 20103.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas. Fronte rochosa na que aparecen o hábitat 1230, cantís mariños atlánticos, e, ante a existencia de extensas praias de cantos e bloques, o hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. A chaira costeira e as ladeiras desenvolven amplas extensións de matogueira, principalmente seco, cos hábitats potenciais 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans, aparecendo valgadas nas que a hidromorfía permite a aparición de breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix (4020). Nos altos de Outeiro do Home aparece un sector co hábitat 4090, Breixos oromediterráneos endémicos con aliaga. En toda a unidade, sobre todo nos altos de Outeiro do Home, aparecen afloramentos rochosos que dan notable importancia ao grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Na valgada da Ermida, existen pequenos bosquetes ripícolas (91E0) no medio das masas de repoboación.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predominio de superficie cuberta por vexetación costeira de matogueira na ladeira oriental da serra que delimita a unidade polo leste. Na parte sur, unha masa de bosque de repoboación cunha notable continuidade cobre a ladeira noroeste do Alto do Facho, disgregándose conforme avanza cara ao norte pola ladeira de Outeiro do Home. Os usos residenciais e edificatorios concéntranse na parte norte da unidade, ao redor da estrada PO-552, e na parte meridional distribúense con menor continuidade entre a estrada e a liña litoral, franxa de terra que no resto do ámbito cóbrese de vexetación costeira de matogueira. Aquí aparecen tamén usos hostaleiros (zonas de acampada) e industriais.

MORFOLOXÍA

Non existe nesta unidade ningún asentamento de orixe tradicional. Os conxuntos das Meriñas ao norte e A Ermida ao sur do ámbito son de formación recente, situados nas proximidades da liña litoral, apoiados na estrada PO-552, nas zonas de menor pendente do conxunto. Están constituídos fundamentalmente por vivendas unifamiliares illadas, configurando un tecido moi pouco denso sobre unha considerable superficie. Aparecen tamén outras tipoloxías edificatorias e de ocupación do solo, tanto de construción en altura (para uso residencial ou hostaleiro) como extensiva (zona de acampada e construcións industriais no núcleo da Ermida).

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria tradicional, do mesmo xeito que os fenómenos residenciais e as actividades produtivas, é nesta unidade practicamente inexistente. A construción da estrada PO-552, que articula todo o territorio costeiro de Cabo Silleiro até A Guarda introduce unha forte compoñente lonxitudinal reducindo a unha estreita franxa a separación desta á ribeira, na que se concentran as tensións urbanísticas e de crecemento, deixando o resto do territorio servido por pequenas pistas forestais e algunhas vías de acceso ao litoral.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O único elemento catalogado como ben patrimonial nesta unidade é o depósito arqueolóxico Outeiro do Home, situado no alto do monte do mesmo nome.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade de características paisaxísticas similares a todas configuracións o sector de Cabo Silleiro- A Guarda; de compoñente fundamentalmente lonxitudinal norte-sur paralela á costa, e escaso desenvolvemento continental, limitada ao leste por un importante macizo montañoso, neste caso o Alto do Facho cara ao sur e o Monte de Bareao no extremo norte. As ladeiras que conforman este límite están cubertas por bosque de repoboación, moi fragmentado e de superficies relativamente pequena. Na estreita chaira costeira, de pouca pendente, concéntranse as actuacións de mobilidade (a estrada PO-552) e os desenvolvementos edificatorios recentes, ante a falta dun asentamento tradicional de referencia. O tecido edificado tende a ser moi expansivo, cunha densidade moi baixa e unha tipoloxía predominante de residencia unifamiliar illada.

DINÁMICA DA PAISAXE

Debido á escasa presenza antrópica que houbo historicamente neste territorio, non se rexistran asentamentos de poboación tradicionais. As actividades agrarias localizábanse nas proximidades de Punta Castro, de suave pendente que se transformaba en pequenos bancais ou terrazas para o cultivo. É nesta zona onde se produciron boa parte dos desenvolvementos edificatorios contemporáneos, aproveitando o parcelario agrícola para acoller novos usos residenciais. A construción da estrada PO-552 introduciu novas tensións nesta chaira costeira, propiciando a aparición dun rosario de construcións ao longo da traza de forte linealidade que constitúe. A explotación forestal das zonas montañosas tamén ha ir en aumento, coa expansión das áreas de bosque de repoboación.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Paisaxe fortemente marcada por dous fitos xeográficos, un incluído e o outro limítrofe á unidade: o Alto do Facho, no extremo meridional do ámbito, e o Alto do Cabo Silleiro, co que linda polo norte. De igual modo que ocorre con moitas das unidades deste sector, o valor paisaxístico deste territorio vén dado polo contraste entre as ladeiras de forte pendente que delimitan o ámbito cara ao leste e a chaira costeira, practicamente chaira e relativamente estreita. A diferenza entre o tecido rugoso, volumétrico e relativamente homoxéneo que debuxan ditas ladeiras e o mosaico de vivendas, parcelas abandonadas, masas de matogueira e breixos que se estende nas proximidades da costa é o que lle confire valor expresivo ao conxunto. De novo as conexións visuais e funcionais realízanse con moita maior fluidez no sentido lonxitudinal (paralelamente á liña de costa) que no transversal (cara ao interior das terras continentais), interrompido polos macizos montañosos orientais.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecedamentos espontáneos na contorna de As Mariñas, a ambos os dous lados da estrada C-550, co obxectivo de ordenar os usos do chan e frear os crecedamentos dispersos na fronte costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais rurais e sen funcións urbanas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral, favorecendo a permeabilidade e protexendo a perda de biodiversidade da área, mellorando deste xeito, a calidade escénica e ambiental do bordo litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



